

Anexo V. Declaración de ausencia de conflictos de intereses (DACI)

V.1. Modelo de declaración de ausencia de conflictos de intereses (DACI)

(Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia)

D./D.^a _____, con DNI/NIF

en calidade de¹

da UDC, destinado/a en *(indique servizo/sección/negociado)*

Actúa en relación co seguinte expediente de *(deberá marcar a opción que corresponda)*

☐ Contrato

☐ Subvención

CONTRATO *(cúbrase de se tratar dun contrato)*

Obxecto do contrato:

Importe:

Aplicación:

Responsable do contrato:

SUBVENCIÓN *(cúbrase de se tratar dunha subvención, marcando abaixo a opción que corresponda)*

Obxecto da subvención:

Importe:

Aplicación:

Responsable da subvención:

☐ Subvención directa

☐ Concorrencia competitiva

¹ No caso dun contrato público: todos/as os/as que interveñan e especialmente o/a titular do órgano de contratación, os/as participantes na redacción dos pregos do contrato (tanto o de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas), os/as membros das mesas de contratación, os/as membros do comité de expertos/as ou técnicos/as que elaborarán os informes de valoración no seo do contrato, os/as contratistas ou subcontratistas.

Co obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación/subvención a que se fai arriba referencia, quen asina este documento, como participante no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara:

Primeiro. Estar informado/a do seguinte:

1. O artigo 61.3, «Conflitos de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18/07/2018 (Regulamento financeiro da UE), establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal».

2. O artigo 64, «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses», da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ten por obxecto evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia do procedemento, así como garantir a igualdade de trato para todas as persoas candidatas e licitadoras.

3. O artigo 23, «Abstención», da Lei 40/2015, do 1 outubro, do réxime xurídico do sector público, establece que «as autoridades e o persoal ao servizo das administracións en que se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte abstenganse de intervir no procedemento e o comunicarán ao/á seu/súa superior/a inmediato/a. Son motivos de abstención os seguintes:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír; ser administrador/a da sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algunha persoa interesada.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación asimilable de feito e parentesco consanguíneo dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera das persoas interesadas, coas persoas administradoras das entidades ou sociedades interesadas e tamén coas persoas asesoras, representantes legais ou mandatarias que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado/a con estas para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter unha estreita amizade ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Ter intervido como perito/a ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica directamente interesada na materia, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopa incurso/a en ningunha situación susceptible de ser cualificada de conflito de intereses das sinaladas no artigo 61.3 do Regulamento financeiro da UE e que non

concorre na súa persoa ningunha causa de abstención das recollidas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se compromete a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación/persoa superior xerárquica, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que puidese dar lugar ao dito escenario.

Cuarto. Que coñece que unha declaración de ausencia de conflitos de intereses que se acredite falsa levará consigo as consecuencias disciplinarias, administrativas e/ou xudiciais establecidas pola normativa aplicable.

, de de

(sinatura)

CLÁUSULA INFORMATIVA DE PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal).

Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse a seguinte páxina web: https://www.udc.es/gl/pe/politica_privacidade/